

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN MORAL E CATÓLICA

3º PRIMARIA

CEIP DE CARNOTA
CURSO 2021-2022

Mª Zoila Piñeiro Sendón

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
4. OBXECTIVOS POR CURSO.....	12
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	12
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	16
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	16
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	18
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.....	19
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	20
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	21
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	22

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

-ADAPTACIÓN Ó PROTOCOLO COVID-19

Dadas as circunstancias actuais dadas pola Covid-19, vémonos na necesidade de facer unhas modificacións na metodoloxía, instrumentod de avaliación, e recursos. Botaremos man de posibles circunstancias que se poidan dar con respecto a modo de impartir as clases (presencial, semi-presencial, on line). Non se planteará o feito dun Plan de recuperación nesta área ó traballar a materia de forma cíclica. Sendo que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

O ensino da Relixión Católica axudará aos alumnos/as a ampliar os espazos da racionalidade e a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta. Dos 11 alumnos/as deste grupo-clase 7 van a clase de Relixión e Moral Católica, os 4 restantes non.

- Análise do contorno.

O CEIP DE CARNOTA está ubicado na capital do concello. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-550, de Fisterra a Santiago. Dista 65 quilómetros da capital da provincia.

A poboación desprázase habitualmente a Cee e Muros onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, xulgado, etc. A poboación está concentrada en diversos núcleos de poboación non moi distanciados.

Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. Hai pais e nais teñen estudos primarios, algúns ata teñen estudos secundarios e incluso

universitarios. Hai nos que traballan por conta allea.

As actividades económicas, maioritariamente, están relacionadas con mar e servizos.

O centro está adscrito ao IES “Lamas de Castelo” de Cee.

- Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Carnota preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: aula de informática e de medios audiovisuais; sala de mestres; comedor; conserxerías; servizos; aula de música; aula de Audición e Linguaxe; aula para alumnos/as con necesidades educativas especiais; biblioteca ;as tres aulas dos tres cursos de Educación Infantil; as dúas aulas de sexto de Educación Primaria.

-Segundo andar do edificio do colexio: con seis aulas destinadas ós outros cursos de Educación Primaria; aula de Orientación.

-Patio cuberto.

-Patio de recreo, con xogos infantís.

-Edificio anexo ou ximnasio.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico como a *dimensión cultural e histórica*, presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que

gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Tamén a *dimensión ético-moral*, que é a que fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade e todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo. Ademais da *dimensión humanizadora* que faculta ao alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. E a *dimensión epistemolóxica*, sendo os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterio de Avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área (Indicador mínimo de logro)	T1	T2	T3	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	C.C
REC-B1.1	3º-REC-B.1.1.1 - Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou a contorna son un agasallo.	Narra experiencias nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC, CAA, CCL
REC-B1.1	3º-REC-B.1.1.2 - Enumera, describe e	Describe situacións, persoas ou cousas polas que está	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	CSC,

	comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.	agradecido.				alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.	CCL
REC-B1.2	3º-REC-B.1.2.1 - Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.	Valora as accións persoais que o fan feliz ou infeliz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase.	CSC
REC-B1.3	3º-REC-B.1.3.1 - Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.	Recoñece as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Posta en común.	CSC, CCL
REC-B2.1	3º-REC-B.2.1.1 - Aprende e orde cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.	Coñece os principais feitos da historia de Moisés.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA, CSC

REC-B2.1	3º-REC-B.2.1.2 - Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.	Coñece a misión de Moisés descrita no relato bíblico.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC, CCL
REC-B2.2	3º-REC-B.2.2.1 - Expresa gráficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar ao pobo.	Recoñece os momentos máis importantes da liberación do pobo de Israel feita por Moisés.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC, CSC
REC-B2.2	3º-REC-B.2.2.2 - Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.	Coñece e valora o contido da Alianza.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC, CSC
REC-B2.3	3º-REC-B2.3.1 - Deseña de xeito ordeado viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do	Deseña de xeito ordeado viñetas sobre a travesía do pobo de Israel polo deserto.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC, CSC, CCL

	seu pobo polo deserto.						
REC-B2.3	3º-REC-B2.3.2 - Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.	Agradece os coidados de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
REC-B3.1	3º-REC-B3.1.1 - Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.	Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCEC, CSC, CCL
REC-B3.2	3º-REC-B3.2.1 - Descobre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices aos homes.	Recoñece nos relatos de milagres de Xesús os xestos e accións que fan felices ás persoas.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Resumo.	CSC, CCL
REC-B3.2	3º-REC-B3.2.2 - Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.	Respecta o comportamento de Xesús cos pecadores.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC

REC-B3.3	3º-REC-B3.3.1 - Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.	Identifica as diferentes respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Posta en común.</p>	CSC, CCL
REC-B4.1	3º-REC-B4.1.1 - Busca testemuñas da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.	Recoñece a misión misioneira e caritativa da Igrexa.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións.</p>	CSC, CCL
REC-B4.1	3º-REC-B4.1.2 - Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.	Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos conducen á felicidade.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CD, CSC, CSIEE
REC-B4.2	3º-REC-B4.2.1 - Compón textos que	Compón textos que expresen o			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos</p>	CLC,

	expresen o diálogo da persoa con Deus.	diálogo da persoa con Deus.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CSC
REC-B4.2	3º-REC-B4.2.2 - Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.	Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que utiliza a comunidade cristiá.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	CLC, CSC, CCEC
REC-B4.3	3º-REC-B4.3.1 - Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.	Recoñece na vida dos santos a amizade de Deus.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC, CSIEE
REC-B4.4	3º-REC-B4.4.1 - Explica significativamente a orixe do Nosopai.	Explica a orixe do Nosopai.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC, CCL, CSC
REC-B4.4	3º-REC-B4.4.2 - Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a	Dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e	CCEC, CCL, CSC

	oración do Nosopai aos discípulos.					dramáticos.	
--	------------------------------------	--	--	--	--	-------------	--

4. OBXECTIVOS POR CURSO

- Coñecer a acción creadora de Deus en colaboración co home.
- Valorar a liberdade que Deus lle dá ao home para vencer o mal.
- Analizar as nosas accións nas situacións diarias da nosa vida.
- Coñecer as ensinanzas de Xesús dando a coñecer a Deus como Pai Misericordioso.
- Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.
- Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa.
- Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.
- Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
- Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
- Observar e valorar a Igrexa como a gran familia de Deus que celebra o amor de Deus e o amor aos demais na sociedade actual.
- Coñecer e identificar as accións do Espírito Santo no pobo de Deus.
- Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Dados os diferentes escenarios que poidan xurdir, botaremos man da Aula virtual, páxina web do cole, correos electrónicos e wasapas das familias, por se en algún momento as clases non se poidan facer completamente presenciais (nas que teremos en conta a distancia de seguridade dos alumnos entre eles a hora de realizar calquera tarefa sexa individual ou grupal. A metodoloxía está constituída por unha serie de normas, criterios e decisións que organizan de forma global a acción didáctica na aula. O obxectivo da metodoloxía é a contribución ó desenvolvemento eficaz do alumnado, integral e harmónico, incorporando as súas propias experiencias e aprendizaxes. O Decreto 105/2014, de 4 de setembro, define metodoloxía como o conxunto de estratexias, procedementos e accións planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, para posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos propostos.

As estratexias fundamentais que empregaremos seguindo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, son:

- **O desenvolvemento en espiral:** partiremos dos estándares de aprendizaxe para acadar os obxectivos da etapa e o desenvolvemento das competencias clave.
- **A globalización:** Este enfoque globalizador vai permitir que se establezan o maior número de relacións entre os coñecementos múltiples e variados que ten o alumno/a e os novos que vai aprender, entendéndoo como un “todo”.

Ademais, para o desenvolvemento da presente programación, tivéronse en conta unha serie de principios pedagóxicos que derivan directamente do enfoque construtivista da aprendizaxe. Son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado: debemos ser conscientes da etapa evolutiva na que se encontran os alumnos/as para poder saber a competencia curricular que lles corresponde, é dicir, coñecer o seu nivel de desenvolvemento motriz, afectivo - social e cognitivo. Por iso, no deseño das unidades didácticas tivéronse en conta que os alumnos/as se atopan, dentro do período das operacións concretas defendido por Piaget, nun cambio de ciclo que se ve marcado por unha progresiva superación do egocentrismo e dos rasgos fantásticos, así como unha grande capacidade memorística, moita curiosidade... que condiciona o desenvolvemento das actividades das unidades.

- Partir do nivel de coñecementos previos do alumnado. Isto implica que se tiveron en conta os coñecementos previos para poder programar, de forma que partimos destes para avanzar dentro da súa zona de desenvolvemento próximo. Ó partir dos seus coñecementos previos favorecemos unha aprendizaxe significativa, xa que os alumnos establecerán uns vínculos substanciais óptimos entre os novos contidos que teñen que aprender e os que xa se encontran dentro da súa estrutura cognitiva. Ó mesmo tempo promóvese unha actividade – interactividade por parte do alumnado. Debido a isto, en cada unidade didáctica realízase nunha primeira sesión unha actividade inicial para partir dos coñecementos previos dos alumnos/as. Esta é motivadora e ademais favorece que os alumnos/as expresen as súas ideas, producíndose unha interacción mestre – alumno que permitirá observar dificultades que se poderán paliar ó longo do desenvolvemento de cada unidade, partindo do coñecido, podendo máis tarde aprender o descoñecido.
- Potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe. Isto quere dicir que debemos dotar ó alumnado das estratexias necesarias, como poden ser planificación, regulación e autoxestión, para que aprenda a aprender. Na actual normativa curricular, a LOMCE, faise referencia a dito principio, ó reflectir entre as competencias clave, a “Competencia para Aprender a Aprender”. Para a posta en práctica deste principio, nalgúns das unidades didácticas recóllense actividades individuais, que lle van permitir ó alumnado traballar de maneira individual, favorecendo así a súa autonomía na aprendizaxe. O mestre será un guía que dota ós alumnos dos mecanismos oportunos para conseguilo. Todo isto reflíctese nas variadas e diversas actividades plantexadas para o presente curso académico.

Ademais destes principios que derivan da concepción construtivista da aprendizaxe, á hora de elaborar esta programación, tivéronse en conta outros que derivan da teoría e a práctica pedagóxicas, como son:

- Afectividade: considérase imprescindible conseguir un ambiente relaxado e cálido na aula, no que o neno/a se sinta aceptado e seguro.
- Socialización: partiremos do feito de que o neno aprende a través da mediación social.
- Carácter lúdico das actividades de ensino – aprendizaxe: é necesario romper a oposición entre o xogo e o traballo, ambos deben ir ligados. Nalgúns ocasións as experiencias de ensinanza – aprendizaxe terán un carácter lúdico, noutras esixirán un esforzo, pero en ambos os dous casos deben ser gratificantes e estimulantes.

E todos estes principios, citados ó longo destas páxinas, teñen unha base fundamental: a motivación. Seguindo todos os principios citados ata o momento, suscitaremos o interese do alumnado polas tarefas de aprendizaxe, polo que é necesario crear un clima afectivo de carácter positivo na aula, propoñeremos actividades lúdicas, adaptadas todas elas ó seu nivel de desenvolvemento, espertaremos a súa curiosidade e promoveremos a actividade e participación de todos e cada un dos alumnos/as do grupo - clase.

Agrupamentos e actividades

Existen unha gran variedade de agrupamentos e cada un deles proporcionan unha serie de vantaxes e desvantaxes. De forma esquemática, os agrupamentos que empregaremos durante o curso escolar son os seguintes:

- Grupo Clase: empregaráse para os debates na aula, as explicacións dos contidos a tratar, as postas en común de aspectos relacionados coa temática da unidade didáctica correspondente e para a mellora das relacións persoais.
- Grupo Pequeno: utilizaráse para o desenvolvemento de experiencias e proxectos. Os grupos estarán formados por catro ou cinco alumnos/as. O obxectivo deste tipo de agrupamento é favorecer o traballo cooperativo, fomentar a aprendizaxe significativa, facilitar a introdución de conceptos de especial dificultade, aclarar a información que se dá en gran grupo, enriquecer ós membros do grupo con aportacións diferenciadas e fomentar a autonomía e a responsabilidade.
- Traballo Individual: utilizaráse en momentos específicos ó longo da posta en práctica das unidades didácticas para que os nenos/as reflexionen e practiquen de forma personalizada os diversos contidos traballados, para detectar dificultades e o traballo de automatismo. Tamén se emprega para as lecturas, as redaccións e para que os alumnos/as den explicacións orais ós seus compañeiros sobre o abordado na aula.
- Todos estes tipos de agrupamentos iranse poñendo en práctica coas diferentes actividades que se realicen para o desenvolvemento das unidades didácticas das diferentes áreas. Para elo, manteremos sempre a seguinte orde:
- De introdución/motivación/coñecementos previos: empréganse para saber as ideas previas sobre o tema e para motivar.
- De desenvolvemento: servirán para poñer en contacto ós/ás alumnos/as cos novos contidos.
- De consolidación: empréganse para afianzar e aplicar as aprendizaxes.
- De reforzo: para os que non asimilaron suficientemente os contidos.

- De ampliación: empregaránse para fomentar entre os alumnos/as seguir construíndo coñecementos unha vez que xa asimilaron os contidos de maneira satisfactoria
- De avaliación: aínda que calquera actividade é susceptible de ser avaliada, seleccionaránse actividades para avaliar as aprendizaxes logradas nun momento concreto e ao longo do curso escolar.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.

Seguiremos as indicacións do Protocolo COVID-19 á hora do seu uso e mantemento.

Os recursos son os materiais didácticos (medios, ferramentas ou tecnoloxías) que permiten transmitir os contidos a través delas. Para a selección dos mesmos téñense en conta unha serie de criterios (prácticos, pedagóxicos e psicolóxicos). Están constituídos por diversos materiais, todos eles de gran utilidade para o desenvolvemento da programación na aula. Son:

- Recursos específicos de área: diversas láminas, globo terráqueo, esqueleto, entre outros.
- Material audiovisual: proxector, radio, fotocopiadora e Encerado Dixital Interactivo.
- Material informático: hardware e software con con todos os programas de reprodutor de vídeo e música.
- Recursos impresos: libros de texto, libros de consulta e de lectura, xornais e fichas de traballo individual entre outros.
- libro de texto para Relixión e Moral Católica pertence á editorial Anaya e é en galego.
- Así mesmo, empregaremos diversos recursos persdais que dividimos en dous grandes grupos:
- Recursos Persoais Internos ao Centro: o Equipo de Nivel, o Departamento de Orientación, os profesores de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, demais mestres especialistas e o equipo Directivo.
- Recursos Persoais Externos ao Centro: as familias do alumnado e os Centros de Formación e Recursos do profesorado (CFR).

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Criterios de avaliación:

REC-B1.1-Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade.
REC-B1.2-Tomar conciencia de que as accións personais achegan ou separan de Deus.
REC-B1.3-Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.
REC-B2.1-Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.
REC-B2.2-Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel.
REC-B2.3-Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.
REC-B3.1-Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.
REC-B3.2-Distinguir como Xesúa fai felices aos homes cos seus xestos e accións.
REC-B3.3-Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.
REC-B4.1-Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.
REC-B4.2-Sinalar a oración como unha forma de expresión de amizade con Deus.
REC-B4.3-Descubrir trazos da amizade con Deus na vida cotiá.
REC-B4.4-Comprender que a oración de Nosopai expresa a pertenza a comunidade cristiá.

Criterios de cualificación:

-60% da nota: probas de adquisición e dominio de contidos que se realizarán para cada avaliación. Calcularase a nota media ponderada das cualificacións obtidas en todos os controis realizados durante a avaliación.

-40% da nota: valorarase a realización das actividades propostas; contestación ós exercicios prácticos; participación en traballos de grupo; debates; e a actitude cara a materia, ós compañeiros e ós Mestres.

Criterios de promoción:

- Acadar os estándares de aprendizaxe no grao marcado.
- Superar os criterios de avaliación establecidos.
- Acadar os mínimos esixibles.
- Adquirir o grao de desenvolvemento das competencias clave correspondente ao nivel do alumnado.
- Valorar o grao de madurez do alumnado, o grao de autonomía persoal e responsabilidade.
- Se o alumno pode avanzar pero aplicándolle unha adaptación curricular (ACS) ou un programa de reforzo individualizado.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a nosa propia práctica docente.

Os aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- Organización e coordinación do claustro.
- Planificación das tarefas.
- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores.

Os procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza son:

- Cuestionarios.
- Intercambios orais: entrevista con alumnos, entrevistas con pais, reunións con pais.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Tamén avaliaremos as programacións de aula co fin de establecer una avaliación plena de todo o proceso. Avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na aula da programación.
- Adecuación de obxectivos, estándares e metodoloxía coas necesidades reais.

Por último, avaliarase a propia práctica docente. As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- A adecuación dos estándares e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres e mestras dos diferentes cursos e co centro de adscrición de educación secundaria.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS RESULTADOS

A avaliación inicial levarase a cabo durante os primeiros días do curso. Empregaranse:

- Probas escritas cos mínimos esixibles do curso pasado.
- Observación directa.
- Actividades de expresión oral e escrita.
- Tarefas para avaliar a comprensión oral e escrita.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial adoptaranse as seguintes medidas:

Medidas Organizativas

- Agrupamentos flexibles: esta medida ordinaria emprégase ao longo de todo o curso para aquelas actividades que se desenvolven en pequeno grupo.

Medidas Curriculares

- Reforzo Educativo: esta medida adoptárase con aqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades.. Para levala a cabo contaremos coa axuda da PT e AL do Centro.
- ACS: esta medida será levada a cabo coas alumnas Adara Charlin Domínguez (3ºA) e Andrea Bea Lois (3ºB).

Medidas Didácticas

- A Concreción Curricular: adaptamos o currículo ás características do grupo – clase.

A Acción Titorial e Orientadora: forma parte da función docente e favorece a atención personalizada do alumnado. Para levala a cabo realizaranse: “Fichas de Rexistro” nas que quedarán reflectidos os datos persoais de cada alumno/a e os seus intereses e motivacións, unha “Avaliación Inicial” e un “Seguimento” do alumnado ó longo de todo o curso a través de diversas actividades e reunións periódicas coas familias.

Teremos en conta as indicacións do Protocolo COVID-19, e no caso de que non poda ser presencial avaliarase segundo os traballos dos rapaces que envíen.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tanto a **recuperación** como a **ampliación**, para aquel alumnado que as precise, están integradas no propio proceso de ensino-aprendizaxe e realizaranse dende o momento en que se detecte unha dificultade.

Estas medidas levaranse a cabo dentro da aula e, de ser estas insuficientes, solicitarase a axuda do Equipo de Orientación e o apoio das mestras de PT e AL.

No que respecta ao **reforzo**, a medida que se diagnostican fallos na aprendizaxe tratan de recuperarse mediante:

- Atención individualizada por parte do mestre sobre os aspectos das diferentes materias nos que o alumno/a presente carencias.
- Tarefas nas que se traballarán e profundizarán aspectos nos que os alumnos presenten problemas, tratando de corrixir os fallos detectados para evitar que istos queden fosilizados. Segundo as necesidades do alumno, estas actividades poden ser realizadas de forma guiada polo mestre ou ben de forma máis autónoma.

Dun modo similar, para o alumnado avantaxado, teranse preparadas actividades de ampliación que parten do vocabulario e estruturas traballados e incorporan tarefas cun maior grado de complexidade.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no sentido de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e no seu contorno próximo.

Neste curso escolar 2020/21 realizaremos algunha saída que iremos propoñendo en cada trimestre. Traballaremos a nivel de aula e/ou centro, as efemérides que aparecen no calendario escolar para o curso académico (recollidas na PXA).

Ademáis destas actividades programadas, posiblemente xurdirán novas actividades, previsiblemente ofertadas polo Concello e/ou outras organizacións. A celebración das actividades que afectan a toda a Comunidade Escolar son:

1º Trimestre: Día das Bibliotecas Escolares (outubro), Samaín (outubro), Magosto (novembro), Nadal (de decembro).

2º Trimestre: Día da Paz (xaneiro), Entroido (febreiro), día Internacional da Muller Traballadora (marzo), semana da prensa.

3º Trimestre: Semana do libro, Letras Galegas.

Polo que respecta ás actividades extraescolares, destacamos: as actividades levadas a cabo polo Concello, ANPA, asociacións deportivas.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Os aspectos aos que atenderá son os seguintes:

- Organización e coordinación do equipo.
- Planificación das tarefas.
- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos, e entre os alumnos e os profesores.

Procedementos e os instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensinanza:

- Cuestionarios.
- Intercambios orais: entrevista con alumnos, entrevistas con pais, reunións con pais.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Avaliación das programacións de aula

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos, medios e metodoloxía e contidos coas necesidades reais.

Avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente

- As mestras e mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:
 - A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
 - As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
 - As medidas de atención á diversidade aplicadas.
 - A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
 - A coordinación entre os mestres e mestras dos diferentes cursos e co centro de adscrición de educación secundaria"

0= NON SE CONTEMPLA 1= CONTÉMPLEASE DE FORMA PARCIAL 2= BEN 3= EXCELENTE	
<u>OBXECTIVOS</u>	
Inclúense os obxectivos xerais da etapa e coa numeración establecida na orde de currículo.	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CE) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo curso.	
<u>COMPETENCIAS CLAVE</u>	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas.	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas.	
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.	
Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e	

aprendizaxe.	
<u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</u>	
Secuenciación coherente.	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos.	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado.	
<u>AVALIACIÓN</u>	
Inclúense a CE da área e coa numeración establecida na orde de currículo.	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación da CE do currículo.	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles.	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.	

Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación.	
Para cada un da CE indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para supéralo.	
Os indicadores que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición. Información ás familias e ao alumnado da CE, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exixibles.	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos.	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado.	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica.	
<u>METODOLOXÍA</u>	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino.	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe.	

Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe.	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado.	
Metodoloxías de traballo cooperativo.	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado.	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais.	
<u>OUTROS ASPECTOS</u>	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo.	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar.	
Medidas de atención á diversidade e as adaptaciónes curriculares precisas.	

Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos.	
Coordinación do profesorado a nivel vertical.	
Actividades extraescolares E complementarias.	